



{jcomments on}

Como conxugar amizade, parroquia, inquedanza, fe ou compromiso. Só se me ocorre falar de comunidade solidaria.

Todo comezou, como comeza todo. Cando se vive, estudia, traballa, goza e ama nun clima de inquedanza, de inconformismo, de querer comer (cambiar) o mundo e que todo sexa novo e mellor. O calendario é o resultado de moitas horas, preocupacións, esforzos, reunións, enfados, presas, risas... Pero ante todo ilusión.

Vivir no barrio de San Lázaro, en Santiago de Compostela, é voltar a nenez, a xuventude, a eses momentos da vida nos que todo te preocupa e onde tes a solidariedade máis a flor de pel.

¿Algunha vez non pensaches como axudar ante a adversidade? ¿Algunha vez non participaches no colexio, no instituto, na facultade, na casa, na parroquia nalgunha iniciativa solidaria?

É o que nos une os que estamos dentro desde proxecto, a inquedanza dende a amizade que fas nos albores da túa xuventude; as orixes están na casa, na parroquia... Pero sobre todo no instituto... por querer axudar os que o pasan mal. É un pequeno detalle, unha simple iniciativa, faite capaz de soñar... Porque funciona e porque queremos máis.

Se a amizade lle sumas que colaboras na túa parroquia como catequista, e o resultado desa suma lle volvers a sumar que vives no barrio de San Lázaro, a suma final é sorprendente: solidariedade o cadrado. E fas canto está nas túas mans por ir mail aló.

No curso 2009-2010 xurdiu a idea dun calendario para axudar @s nen@s dun colexio en Nicaragua. Tiñamos noticias deles por un misionaero que traballa alí e o calendario saíu adiante grazas a esa amizade xa comentada. O resultado, sorprendente: dous profesores e un garda de seguridade en Nicaragua. E todo nun tempo récord. ¡GRAZAS A TODOS!

Neste curso o obxectivo plantéxase máis solidario ¿por qué non chegar máis aló? ¿por qué non intentar come-lo mundo? Quen sabe.

O caso é que "a cabeza non para", e os amigos ocorréusenos poñernos en contacto con xente coñecida/famosa, desa que sae na televisión. E de novo... sorpresa: xente asequible (podédelo ver nas páxinas do calendario).

Se podemos chegar a Nicaragua, por que non máis lonxe... ou mais preto... a solidariedade, San Lázaro sábeo ben, está no lugar no que menos o esperas... está a porta da túa casa ¿non a ves?

Esta comunidade aínda está traballando cos dentes de leite, pero pronto "han de caer" para dar paso a novos sabores, a novas experiencias, a novas expectativas... Necesitamos a túa colaboración, a túa solidariedade é necesaria e importante.

Como di Carlos Núñez: "Ogallá todos sexamos un pouco San Lázaro".

A comunidade solidaria así o desexa.